

OS TABOADA DE DEZA

A casa de Brenzos

CÉSAR GÓMEZ BUXÁN

Resumo

A liñaxe dos Taboada é unha das máis importantes no panorama fidalgo da terra de Deza. Este artigo fai un percorrido por unha das súas liñas asentada no lugar de Brenzos, na freguesía de Losón, desde finais do século XV, a unión co pazo de Liñares, ata os seus últimos descendentes, os condes de Almina.

Palabras clave

Taboada; Xenealoxía; Heráldica; Deza; Brenzos; Losón; pazo de Liñares; condes de Almina.

Abstract

The lineage of the Taboada is one of the most important in the gentlemanly panorama of the land of Deza. This article does a tour for one of its lines established in the place of Brenzos, in the parish of Loson, from the end of the century XV, the union with the palace of Liñares, up to its last descendants, the counts of Almina.

Key Words

Taboada; Genealogy; Heraldry; Deza; Brenzos; Losón; palace of Liñares; counts of Almina.

A antiga terra de Deza (hoxe comarca homónima, na provincia de Pontevedra) foi asento ó longo da súa historia de numerosas familias fidalgas. Moitas delas tiveron unha grande relevancia, baste citar as liñaxes dos Camba, Varela, Sánchez de Traspénas, e, sobre todo, os Taboada, a estirpe máis estendida e relevante de todo o panorama fidalgo dezao.

Desde as súas orixes, desde o seu primeiro asentamento no século XV no couto de Cristimil, os descendentes de Gómez Taboada «*Ceita Magadeus*»¹ fundaron moitas residencias nobiliarias: Bendoiro, Liñares, Brenzos, Barrio, Palio, A Calzada, Merza, ...

Neste artigo tentaremos achegarnos a unha destas casas, a de Brenzos, en Santa Baía de Losón, na actualidade xa desaparecida, pero que perpetuou a súa historia nun dos pazos máis sobranceiros da terra de Deza, o de Liñares, en San Martiño de Prado.

A freguesía de Losón xa figura citada no 1120, ano no que a raíña dona Urraca doou o lugar de Losón á igrexa de Santiago «*por agua de Deza, y por agua de río Mauri y por el monte Karrión, y por el campo o castro de Camposancos hasta el río Arnego*»². Na era 1213 (ano 1175) Pedro Alfonso, dona a don Fernando, abade de Carboeiro, unha cuarta parte da igrexa «*de Santa Eulalia de Lesson, que demarca extensa y claramente, y su quiñón de Nigros y Monte Alto y otra cuarta parte de Asorey; con condición que le han de mantener y vestir en el convento como uno de los demás hermanos*»³.

É de destaca-la referencia que a esta parroquia fai Manuel de Toubes a comezos do século XVII, afirmando que o seu lugar de Rolán foi asento dunha antiga torre, un dos solares dos Churruchaos: «... *las casas de los Deca Turuchanos es el castillo do Cario y la torre de Rolan y la torre Danco y el castillo de Paradela...*». A primeira mención que localizamos nos documentos medievais referida a este lugar de Rolán é o coñecido testamento de Urraca Eans de Cercio, outorgado o 17 de marzo do 1274⁴. No 1305 vólvese citar relacionado con Sancha Gómez, muller de don Mendo. Esta, polo seu testamento, outorgado no 1304, manda a Gómez Méndez e a Álvaro Fernández, o seu neto, o que tiña na freguesía de Santa Baía de

¹ Con este apelativo figura na carta de Manuel de Toubes do 1603. RUBIA ALEJOS, Francisco e GÓMEZ BUXÁN, César, «Tocante a los Hixosdalgo. Carta de Manuel de Toubes, genealogista dezano del siglo XVII». *Anuario de Estudios e Investigación Descubriendo*, n.º 2 [pp. 13-68]. Seminario de Estudios de Deza, Lalín, 2000.

² CAÑIZARES, Buenaventura, «Onomástico de lugares de Deza mencionados antes del siglo XV». *Museo de Pontevedra*, T. IV, [pp. 74-101], Pontevedra, 1946, páx. 91.

³ CAÑIZARES, Buenaventura, *Onomástico...*, páx. 91.

⁴ ROMANÍ MARTÍNEZ, Miguel, *A Colección diplomática do Mosteiro Cisterciense de Santa María de Oseira (Ourense) (1025-1399)*. 3 vol. Santiago de Compostela, Tórculo, 1990-1993.

Losón, sacando os casares de *Devesa de Susso*, que eran de Oseira. No 1305 mercou a Constanza Gómez, filla de Gonzalo Rodríguez de Rodeiro e de dona Teresa Gómez, a sexta parte do lugar de Rolán, na freguesía de Losón, entre outros bens⁵. Tamén figura no 1491 na *Relación de Lugares Defesos* como pertencente ó escudeiro Vasco Barreiro, señor das casas de Cercio (Santiago de Cercio) e Pedroso (Santa María de Oirós), pero sen que figure a devandita torre citada por Manuel de Toubes⁶.



Fiestras románicas e inscrición fundacional
da igrexa de Losón

⁵ PORTELA, M.^a José, GARRIDO, Margarita e ROMANÍ, Miguel, *Repertorio para las escripturas antiguas del Archivo bajo: catálogo del Archivo Monacal de Oseira en 1629*. [Santiago de Compostela], Tórculo, D.L., 1993, páxs. 141 e ss.

⁶ Arquivo do pazo de Don Freán, *Relación de lugares defesos de Deza*.

Posiblemente estes antecedentes marcaran o asentamento dunha filla do citado Vasco Barreiro, Urraca Rodríguez Monteagudo, ó casar co escudeiro Gómez Taboada, descendente da estendida e fidalga familia dos Taboada, tronco de relevantes persoeiros en Deza⁷.

Quedou unida esta familia a comezos do século XVIII a outra liña dos Taboada, a que posuía o pazo de Liñares, na parroquia de San Martiño de Prado, un dos mellores expoñentes de construción palaciana de Deza. Documentos existentes no arquivo do Pazo de Donfreán e amablemente facilitados polo noso amigo e investigador don Francisco Rubia Alejos, refiren que, a causa do seu mal estado de conservación, a Casa de Brenzos foi derruída, posiblemente a finais do século XVIII, e o espacio físico do solar dedicado a terra de labranza.

1. HERÁLDICA

O único elemento que recorda o pasado fidalgo da desaparecida construción de Brenzos é unha cartela armoriada conservada no interior dun dos pazos que pertenceron á familia (o de Liñares, xa citado), debuxado por Enrique Campo a comezos do século XX, e onde se desvelan as súas orixes na casa de Brenzos. A fonte desta importante información facilitada por Campo posiblemente sexa a tradición oral, pois nesa época aínda habitaban no pazo de Liñares os Taboada, descendentes seculares dos escudeiros de Brenzos, que puideron informar ó debuxante sobre a procedencia da armería.

A pedra armeira presenta a forma habitual noutras labras da comarca de Deza, a da pel animal apergamiñada, característica en labras dos séculos XVI e XVII⁸.

O campo é cuartelado en cruz, coas armas dos TABOADA de Deza⁹: primeiro cuartel, trece roeis en tres pales (6-1-6). Segundo, tres flores de lis superadas de tres táboas e tres barras. Terceiro cuartel, unha torre ameada sobre ondas, con dúas troi-

⁷ A xenealoxía da casa de Brenzos, en Santa Baia de Losón, queda reflectida no artigo GÓMEZ BUXÁN, César, «Xenealoxías dezanais. A desaparecida Casa de Brenzos». *Anuario de Estudios e Investigación Descubriendo*, n.º 4 [11-28]. Lalín, Seminario de Estudios de Deza, 2002.

⁸ Por exemplo, as dúas pedras armeiras do pazo de Soutolongo (Santa María de Soutolongo), a de Casares (San Miguel de Goiás), A Calzada (antigamente en San Miguel de Bendoiro, e actualmente en Santadrao de Madriñán), ou os enterramentos de Bendoiro e Noceda.

⁹ Ver notas sobre a orixe e evolución destas armerías en GÓMEZ BUXÁN, César, «As armas dos Taboada. Aproximación a unha peculiaridade heráldica deza». *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Tomo LII, 118 [389-426]. Santiago de Compostela, C.S.I.C.-Xunta de Galicia «Instituto de Estudios Gallegos», 2005.



Labra heráldica de Brenzos en Liñares



Escudo na casa de Val do Carrio

tas nadando entre as augas, deitada de dúas cunchas de vieira. E no cuarto cuartel, dúas rodas de carro¹⁰ superadas de tres caldeiras mal ordenadas.

En orla, arredor do escudo, o epígrafe: TAVOADAS I CHVRVCHANOS.

Similar no esencial a esta pedra armeria existe outra na Casa Grande Val (Santo André do mesmo nome), situada nunha esquina da torre. Ignórase a razón da súa colocación neste pazo, pero seguramente procede tamén da antiga Casa de Brenzos¹¹. Cuartelado en cruz, trae as mesmas armas que o anterior (o de Liñares), con mínimas diferencias e moitas similitudes (a semellanza máis destacada é a das rodas de carro, que reciben o mesmo tratamento en ámbalas dúas armerías). Está timbrado de helmo co seu penacho e ornamentado con motivos vexetais barrocos.


2. O NACEMENTO DA LIÑAXE: GÓMEZ TABOADA

A orixe da casa de Brenzos arrinca da unión entre descendentes de dúas das máis importantes familias fidalgas da terra de Deza: os Taboada de Remil

¹⁰ Normalmente a representación destas rodas de carro é a da típica do carro do país, pero neste caso e no da Casa Grande de Val, vense con claridade os seis radios que parten do eixo da roda, como os das carretas, co que se apartan do que é habitual nesta comarca dezá.

¹¹ Posiblemente a causa da súa aparición sexa o matrimonio entre don Antonio Varela Taboada, patrón de Val, e dona María Magdalena Gil Taboada, primeira muller que foi de don Andrés Taboada, señor da casa de Brenzos, como máis adiante veremos.

e a casa de Cercio. Como xa dixemos, unha das fillas de Vasco Barreiro, señor das Casas de Cercio e Pedroso, foi **Urraca Rodríguez**, que vivía aínda no 1548, dona do lugar de Brenzos por herdanza.



Sepulcro de Gonzalo Taboada e Ulloa na igrexa de Noceda (nota 15)

Entroncou cunha das liñaxes de máis renome de Deza, ó casar con **Gómez Taboada do Carrio**, escudeiro. Este era fillo de Alonso Núñez, señor do Pazo de Remil, en Gresande, e da súa muller Clara Rodríguez de Deza. O seu avó paterno era Gómez Taboada «*Ceita Magadeus*»¹², señor dos coutos de San Xurdo, Cristimil e Porreiros, coa súa xurisdicción civil e criminal, residindo no castelo de Vilaboa¹³.

Gómez Taboada do Carrio outorgou testamento o 18 de xullo do 1512 ante o escribán Gómez de Barral¹⁴. Nel ordena ser soterrado na igrexa de Santa María de Noceda, onde o estaba a súa nai¹⁵.

¹² RUBIA ALEJOS, F. e GÓMEZ BUXÁN, C., *Tocante a los hixosdalgo...*, páx. 22.

¹³ Este castelo (mellor torre ou casa forte) foi destruído na revolta Irmandiña. Debíase atopar en termos da freguesía de San Xurxo de Cristimil.

¹⁴ Arquivo Histórico Universitario de Santiago (AHUS), protocolos, Gómez de Barral, 1512.

¹⁵ O monumento funerario que se pode observar aínda hoxe en día nesta igrexa de Santa María de Noceda é moi posterior, e non pertence, de xeito estrito, a esta liña, xa que está datada no 1620 e corresponde a Gonzalo Taboada e Ulloa, parente deste Gómez Taboada do Carrio (xa que era fillo de Alonso Núñez de Taboada e de Margarida López, donos de Bendoiro; neto paterno de Gregorio Núñez de Remil, e este fillo do devandito Gómez Taboada «*ceita magadeus*»).

Fillos do matrimonio foron: *Alonso Saco de Taboada*¹⁶; **Gonzalo Taboada**, que segue a liña de Brenzos; *Margarida Taboada*, con descendencia; *Alonso Núñez*¹⁷; *Gómez Taboada*¹⁸; e *Leonor Taboada*¹⁹.

3. GONZALO TABOADA MONTEAGUDO

Foi escudeiro e señor da Casa de Brenzos por herdanza dos seus pais. Outorgou testamento ante o escribán Cristóbal Gundín o 1 de outubro do 1572²⁰, falecendo pouco despois. Este documento, como era habitual, comeza coa fórmula piadosa empregada habitualmente polo escribán:

In dei nomyne amen sepan quantos esta carta de manda e testamento última e postrimera voluntad vieren como yo Gonzalo Taboada vecino de Santa Eulalia de Losón que soy presente estando sano de juicio natural y enfermo de henfermedad que nuestro senor fue servido de me dar e reçelandome de la muerte que es cosa natural hago y hordeno esta mi manda e testamento a loor y alabança de mi señor Jesucristo padre hijo y hespiritu santo tres personas e un solo dios verdadero para que despues de mi falescimiento mis bienes y cosas quedan bien hordenadas primeramente mando mi anima a mi señor Jesucristo que la compró e redemió por su santa sangre preçiosa en la árbol de la vera cruz por nosotros pecadores salbar y tomo por abogada a nuestra senora Santa Maria para que ruege a su hijo bendito me quiera perdonar mis pecados (...).

Ordena, como o fixera o seu pai, ser sepultado dentro da igrexa de Santa María de Noceda, e que o día do seu enterro digan pola súa ánima corenta misas, seis delas cantadas e as outras rezadas, e cando se faga un ano e un día do seu finamento outras vinte misas dentro da dita igrexa de Noceda.

¹⁶ Casou con Isabel Sánchez, pasando a residir na parroquia de Santa María de Soutolongo, concretamente no lugar de Viñoa, onde se conserva unha residencia fidalga con dúas pedras armeiras. Esta dona era filla de Briolauja Sánchez, descendente dos Froiz. Deles descenden os posuidores do pazo de Bendoiro de Abaixo, en San Miguel de Bendoiro, así como outras moitas fidalgas familias de Deza.

¹⁷ Crego do beneficio de Santa María de Oirós, ó que renunciou o 3 de setembro do 1547 (AHUS, protocolos, Gonzalo Puñal, 1548). Outras noticias documentais indican que foi Vicario de Deza, vivindo aínda no 1579 (Arquivo do autor).

¹⁸ Segundo algúns preitos de presentacións era chamado Gómez de Anzuxao, polo que debía habitar no lugar homónimo da parroquia de Santadrao de Madriñán e del descendén, tanto os do citado pazo de Anzuxao, como os da torre de Reboredo, en Santa María de Merza.

¹⁹ Dela, e do seu matrimonio con Fernando de Moure descendén os que viviron no lugar de Xunto á Igrexa, en San Xoán de Anzo, entre eles os seus fillos Alonso, Isabel e Gómez de Moure, que segue a liña (casado con Inés Rodríguez de Albán), familia que se mantivo alomenos ata o século XIX.

²⁰ AHUS, protocolos, Cristóbal Gundín, 1572.

No tocante á disposición dos bens materiais, manda á súa muller «*que biba en el mi lugar de Berenços en que al presente bibimos y lo labre y posea en todos los dias de su vida*». Ó seu criado Jácome Fernández, como pago polo tempo que o serviu, o lugar e casal da Fonte «*para sienpre jamás*». E, como cumpridor e titor dos seus fillos nomea a Juan Vázquez, veciño de Sello, tamén o seu parente²¹.

A muller de Gonzalo Taboada foi Inés Pérez Mosquera, tamén da súa familia. O parentesco radicaba en que era filla de Pedro Oxea de Albán, descendente da casa de Pedroso e señor da Casa de Lamela, en Losón²². Os seus avós paternos foran Vasco de Monteagudo e Isabel de Ulloa, señores de Pedroso. A súa nai chamábase Inés Afonso, e era filla de Ares Gil e de Inés Pérez.

Foron fillos da parella, segundo se expresa no testamento de Gonzalo Taboada: **Vasco Taboada**, que segue a liña de Brenzos; *Gómez Taboada, o Mozo*²³; *Andrés Sánchez*²⁴; *Catalina Pérez* (ou González de Taboada)²⁵; *María Pérez*²⁶; e, finalmente, *María Taboada*, da que non coñecemos máis datos.

²¹ Descendente tamén de Vasco Barreiro, da casa de Cercio.

²² Para a casa de Lamela, en San Pedro de Losón (Vila de Cruces), véxase GÓMEZ BUXÁN, C. e RUBIA ALEJOS, F., *Pazos y moradas hidalgas de Deza*. Pontevedra, Deputación Provincial, 2005, páxs. 381-386.

²³ Debeu casar a troco co seu irmán maior con Catalina Rodríguez (primeira voz nos foros que se lle fixeran o 5 de novembro do 1544 ó seu tío, o Chantre Vasco Rebellón, e segunda voz nos da súa nai, Antonia de Rebellón, nos que esta sucedera o 15 de xaneiro do 1569 como primeira voz).

²⁴ Figura anos máis tarde como Antonio Taboada. Foi crego e Comisario do Santo Oficio. Tivo un fillo, chamado Vasco Taboada Monteagudo, que viviu no lugar de Xunto á Igrexa, en Santa María de Noceda, do que procede unha familia de fidalgos de non moi ampla repercusión. O sucesor nos bens do Comisario don Andrés foi o fillo de Vasco, chamado Andrés Taboada Monteagudo, casado con dona Antonia Mariño e Valenzuela. Fillo dun don Vasco Taboada (que pode ser desta liña) foi don Gonzalo Taboada Mariño de Lobera, rexedor perpetuo da Vila de Pontevedra e veciño desta cidade no 1711 (aínda que a súa residencia figura en Santo Estevo de Barcia ou en San Miguel de Osma). Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra (AHPP), protocolos, Amaro Fernández de Santomé, 1711.

²⁵ «*Hidalga y doncella*», foi dotada pola súa nai o 8 de xullo do 1579 ante Cristóbal Gundín para casar con Domingo González Becerra, veciño de San Mamede de Bodaño, escribán da Audiencia dos «*cotos y tierra de Carboeiro*» tal e como figura no 1578 e 1597. Este era fillo de Gonzalo Becerra de Saavedra, escribán do couto de Carboeiro e veciño do mesmo en 1551 e 1576, e da súa muller Inés Vázquez. O dote de Catalina «*para ayuda y sustentación de las cargas del matrimonio*» era o seguinte: primeiramente «*su bendición y la de Dios*»; vestida de vestidos e camas de roupa conforme á súa calidade; trinta roxelos de cabras e ovellas; seis vacas (catro preñadas e paridas e dúas sinxelas); dous bois mansos de xugo, de valor de catorce ducados; e unha arca e unha hucha. AHUS, protocolos, Cristóbal Gundín, 1579.

²⁶ Esta filla é a que máis problemas ofrece para o seu estudio, xa que foi despois coñecida como Urraca Rodríguez. Pasou a vivir á antiga parroquia de Santa Baia de Palio, ó casar con Macías de Moure (fillo de Pedro de Moure), onde viviron os seus descendentes, fidalgos pobres nos séculos XVII e XVIII. A súa descendencia en GÓMEZ BUXÁN, César, «Xenealoxías dezás. Fidalguías de Santa Baia de Palio». Anuario de Estudios e Investigación *Descubriendo*, n.º 6 [55-86]. Lalín, Seminario de Estudos de Deza, 2004.

Tamén debemos ter en conta que un dos fillos deste matrimonio, aínda que non sabemos cal, foi pai de Margarida Taboada, casada con outro Gómez Taboada, señor da Casa e Pazo de Barcia, en San Estevo do mesmo nome, dos que descendén persoeros tan ilustres como don Felipe e don Cayetano Gil Taboada, arcebispos de Sevilla e Santiago respectivamente, así como os condes de Taboada e o vicerrei do Perú don Francisco Gil Taboada²⁷.

4. VASCO TABOADA DO CARRIO

Chamado «*el Moço*» no 1580 e «*el Viejo*» no 1618, para diferencialo dos seus parentes de igual nome.

Exercía como xuíz de Terra de Trasdeza no 1586, e en 1590 e 1606 como xuíz de Carboeiro. No 1595 figura como procurador de Deza.


Outorgou testamento ante o escribán Gregorio García, o 6 de xaneiro do 1637, incluíndose nel a seguinte cláusula: «*Yten digo que por quanto yo soy Patron de la mas y mayor parte de presentacion de este beneficio de Santa Eulalia de Losón y su anejo San Fagundo de Busto y del de San Juan de Tuiriz y otras partes, San Martino de Prado, San Miguel de Bendoiro, Santa María de Oirós y anejos, Santa María de Espiñeira y Santa María de Zobra, Santiago de Leboçan y otros más, quiero y es mi voluntad que en todas estas presentaciones y padronazgos subceda siempre un heredero solo, que sea después de mis días mi hijo Antonio Taboada Monteagudo, y despues del su hixo maior; e lo mismo lo que sucedieren en la mejora de tercio y quinto que io le hize de este lugar y de todos mis vienes la cual dicha mejora confirmo y apruebo segun pasó por delante de Gonzalo Rodríguez Taboada escribano difunto; con las condiciones y grabamenes en ella contenidos y las mas que yo le quisiere poner...*»²⁸.

Vasco Taboada do Carrio foi soterrado dentro da igrexa de Santa Baia de Losón²⁹, conservándose aínda hoxe o seu monumento funerario no lado do Evanxeo do presbiterio da citada igrexa parroquial. Representase en actitude orante, de xeonllos, ves-

²⁷ FRAGUAS FRAGUAS, Antonio, *O Colexio de Fonseca*. Santiago de Compostela, Consorcio e Santiago - Instituto de Estudios Galegos «Padre Sarmiento» - Universidade de Santiago de Compostela, 1995, páxs 253-255.

²⁸ Arquivo do autor.

²⁹ Algúns autores indicaron que se trataba da sepultura de Vasco Taboada Mosquera, señor de Liñares a cabalo entre os séculos XVI e XVII, baseándose no dereito de padroado desta última casa sobre a igrexa de Losón, extremo este que quedou aclarado en GÓMEZ BUXÁN, C., *As armas dos Taboada*, páx. 409.



Sinatura de Vasco Taboada. Ano 1597



Labra heráldica do sepulcro de Vasco Taboada

tindo armadura da época e cun tratamento especial dos seus detalles, da gorgueira e das súas faccións, con pelo curto, bigote e perilla³⁰.

No fronte do monumento dispónse unha labra heráldica cuartelada en cruz coas armas dos Taboada de Deza, que tantas veces se ven reproducidas nas terras dezás.

Referido ás presentacións, o 18 de outubro do 1608 a súa curmá Inés López de Brandariz, descendente da antiga torre de Brandariz, na parroquia de San Pedro da Baíña³¹, doara a Vasco Taboada a parte que lle correspondía das presentacións dos beneficios de Santa Baia de Losón e San Facundo de Busto, o seu anexo, San Xoán de Toiriz, Santa María de Oirós, e os seus anexos e San Xoán de Anzo, indicando no documento que o dito Vasco era «*tambien patro-*

no en dichos veneficios, persona muy principal, rico y hacendado y señor de la casa originaria del lugar de Brenzos donde vivia, por la que se apresentaban dichos veneficios; y tenía hijos letrados y en ellos se conserbaría mejor el derecho de patronato»³².

Vasco Taboada casou antes do 1587 con María Rodríguez Rebellón, a troco co seu irmán Gómez. Xa dixemos anteriormente que era sobriña do Chantre Vasco Rebellón, filla de Antonio Rodríguez de Monteagudo e de Antonia de Rebellón, naturais de Santiago e veciños que foron de San Miguel de Moreira (A Estrada), posiblemente do lugar das *Casas dos Raros*. Era neta materna de Ares Méndez e de Isabel Dorada.

³⁰ Un estudio deste monumento funerario en GARCÍA E GONZÁLEZ-LEDO, Xosé Antón, «A orante de Vasco Taboada do Carrio (século XVII)». *Anuario de Estudios e Investigación Descubriendo*, n.º 7 [11-22]. Lalín, Seminario de Estudios de Deza, 2005.

³¹ Datos sobre a torre da Baíña en GÓMEZ BUXÁN, C. e RUBIA ALEJOS, F., *Pazos y moradas hidalgas de Deza*, páxs. 45-50.

³² Arquivo do autor.



FECIT XX © MMV.
✠

Orante de Vasco Taboada do Carrio
Debuxo cedido por Xosé Antón García e González-Ledo

Os dous cónxuxes recibiron moitos foros do mosteiro de San Martiño Pinario de Santiago, como por exemplo, o do 17 de agosto do 1580³³ dos lugares e casais que se din de Meixomín, cunha ermida que está en termos dos ditos lugares, na freguesía de San Lourenzo de Muimenta³⁴, e o que recibiu no 1587 xunto co seu tío materno Pedro Oxea de Albán do lugar de Belpellós, en Santa María de Vilariño³⁵. E en 1590 pola súa vida e dúas voces do lugar de Fonte de Brenzos, en Santa Baia de Losón o mesmo mosteiro³⁶.

Ámbolos dous cónxuxes fundaron o vínculo de Brenzos ante o escribán da Súa Maxestade Gonzalo Rodríguez de Torres Taboada, veciño de San Miguel de Goiás.

A súa descendencia foi ilustre: **don Antonio Taboada Monteagudo**, sucesor no vínculo e morgado; *dona Alberta Taboada*³⁷; *dona María Taboada*³⁸; e *don Gonzalo Taboada*³⁹.

³³ AHUS, Clero, San Martín, 738.

³⁴ Xa ós seus antepasados se lle fixera o mesmo foro do lugar de Meixomín coa súa ermida por parte do mosteiro de Carboeiro. Por exemplo, no 1400 (aínda que a data non semella correcta, sendo o máis probable que se efectuase a mediados ou finais do XV) o foro que recibiu Gómez Taboada (dono do couto de Cristimil) do mesmo lugar de Meixomín, en renda de seis tegas de pan, repartido de xeito que dous tercios fosen de centeo e un tercio de millo (non o traído de América e xeneralizado no XVII, senón o antigo maínzo, paínzo ou «*milllo miúdo*»). LUCAS ÁLVAREZ, Manuel, *El archivo del Monasterio de San Martiño de Fóra o Pinario de Santiago de Compostela*. Sada, Edicións do Castro, 1999, T. II, páx. 1004.

³⁵ AHUS, Clero, San Martín, 738.

³⁶ AHUS, Clero, San Martín, 738, 759.

³⁷ Enlazou con outra das grandes casa da terra de Deza, ó casar con Bernardo Núñez Taboada, dono do pazo de Bendoiro (fillo de Gregorio Núñez de Taboada, escribán da Súa Maxestade, señor do mesmo, e de Inés Alonso; neto paterno de Alonso Núñez de Taboada, señor de Bendoiro, e da súa muller Margarida López; neto materno de Cristóbal Gundín, dono da casa de García Sánchez, en San Cristovo da Pena, e da súa primeira muller Susana González). O dito Bernardo faleceu no 1691 á idade de cento cinco anos. Durante a súa longa vida exerceu varios cargos na administración, como en 1624, en que era Xuíz e Xustiza Ordinaria nos coutos de Santé, Cangas e Donfreán.

³⁸ Muller de don Álvaro González Ribadeneira (fillo doutro Álvaro González Ribadeneira e de dona Constanza Bolaño das Mariñas). Foron pais de don Vasco Taboada Ribadeneira, marido de dona María de Barrio Figueroa, matrimonio que posuíu a casa e pazo de Barrio, en San Paio de Figueroa (xurisdicción de Boente). En CRESPO POZO, José Santiago, *Blasones y Linajes de Galicia*. Ediciones Boreal, 1997, Tomo IV, páxs. 399, dise que os pais de don Álvaro González eran don Pedro Bolaño Ribadeneira e dona María Álvarez de Sotomayor.

³⁹ Natural de Brenzos. Fixo probas para o ingreso no Colexio de Fonseca, das que se poden extraer interesantes datos (FRAGUAS FRAGUAS, A., O Colexio de Fonseca, páxs. 253-255). Déuselle a colexiatura o 3 de outubro do 1604 e o 27 de novembro presentouse para Licenciado e Mestre en Artes. Graduado de Licenciado e Mestre en Artes os días 4 e 13 de febreiro de 1605, e de Bacharel en Teoloxía o 9 de novembro do 1612. En claustro de 7 de xuño de 1612 deixa a bolsa por ter beneficio curado. Cóengo de Santiago por 1636. Foi Rector da Universidade e Examinador Sinodal do Arcebispoado. Na citada información de nobreza afirman as testemuñas «[...] *que los padres e abuelos del dicho bachiller Gonzalo Taboada descendían de la casa de Ulloa por matrimonio que ubiera entre la casa*

5. DON ANTONIO TABOADA MONTEAGUDO

Dono da Casa de Brenzos como herdeiro do seu pai e sucesor no vínculo que este fundara, tal e como se dixo anteriormente. O seu falecemento aconteceu tamén a unha idade avanzada, o 29 de marzo de 1666⁴⁰.

Era a súa muller **María Núñez Taboada**, a súa curmá, xa que era filla de Gregorio Núñez Taboada e de Inés Alonso Gundín, señores do Pazo de Bendoiro, en San Miguel de Bendoiro, xa nomeados⁴¹. Finou o 24 de marzo de 1664⁴².

Dos dous primeiros, veciños de Santa Baia de Losón, foron fillos: *don Vasco Taboada e Lobera*, que segue a liña; *dona María Rodríguez Rebellón*⁴³; *don Gonzalo Taboada e Ulloa*⁴⁴; *dona Isabel Taboada Monteagudo*, con descendencia⁴⁵; *dona Inés Taboada*⁴⁶.

de Pedroso y la dicha casa de Ulloa entre la casa de Pedroso y la dicha casa de Ulloa entre los descendientes dellas por Orraca Rodríguez de Monteagudo que hera descendiente de la dicha casa de Ulloa el e sus padres e abuelos e bisabuelos los son del linaxe del arzobispo don Alonso de Fonseca, fundador del Colegio Mayor e Universidad de Santiago [...]. Don Gonzalo faleceu no 1661, sendo soterrado na igrexa parroquial de Santa Baia de Losón.

⁴⁰ Grande parte dos datos de bautismo e defunción dos descendentes de Liñares se extraen do artigo xenealóxico do investigador don Carlos de la Peña Vidal, que aínda que trata a familia de xeito lateral, ofrece interesantes informacións para o seu estudo. DE LA PEÑA VIDAL, C., «Los Gil Taboada de Deza. Casas de Barcia, Bergazos y Des». Anuario de Estudios e Investigación *Descubriendo*, n.º 6 [pp. 11-40]. Lalín, Seminario de Estudios de Deza, 2004.

⁴¹ Máis información do pazo de Bendoiro de Abaixo en GÓMEZ BUXÁN, César, «O pazo de Bendoiro. Apuntes para a súa historia». *Boletín de Estudios de genealogía, heráldica y nobiliaria de Galicia*, n.º 2 [13-30]. Pontevedra, Asociación de Genealogía, Heráldica y Nobiliaria de Galicia, 2003. Tamén en GÓMEZ BUXÁN, C. e RUBIA ALEJOS, F., *Pazos y moradas hidalgas de Deza*, páxs. 117-122.

⁴² DE LA PEÑA VIDAL, C., *Los Gil Taboada de Deza*, páx. 28.

⁴³ Casou en dúas ocasións, a primeira con Juan de Toubes, veciño de Santo Estevo de Barcia (fillo único de Gregorio de Toubes Taboada e de Inés Taboada, residentes na mesma freguesía). De segundas nupcias enlazou con Juan Mosquera Villamarín, dono do couto de Carmoega, coa súa xurisdicción e vasalaxe, e da Casa da Pena, soterrado na sepultura que estaba xunto á parede do lado do Evanxeo, na igrexa parroquial de San Pedro de Carmoega. Esta dona outorgou o seu testamento o 2 de novembro do 1684 ante o escribán Fernando Gil de Ventosa (Arquivo do autor).

⁴⁴ Crego, presentado polo seu pai no 1651 ó curato de San Xoán de Toiriz, que obtivo finalmente, ascendendo a cura de Santa Baia de Losón e San Facundo de Busto polo 1670.


⁴⁵ Entre eles o Licenciado don Manuel Taboada e Camba, cura da citada parroquia de San Miguel de Bendoiro.

⁴⁶ Casou con don José Fernández de Negreiros, patrón de San Cristovo de Martixe (fillo de don Agustín Fernández de Negreiros, patrón de San Cristovo de Martixe e de Juana García, herdeira da casa de Martixe, como filla de Bernabé García e de Catalina de la Iglesia). A casa de Martixe, con orixes no século XVI, fundado por Juan Ferreiro de Martixe (pai do citado Bernabé García), atopábase nas inmediacións da igrexa parroquial, sendo hoxe os seus restos informe montón de pedras. Aínda se conserva un grandioso pombal, de dimensións pouco habituais na zona.

6. DON VASCO TABOADA E LOBERA

Sucesor en Brenzos foi o fillo de don Antonio Taboada e de dona María Núñez Taboada, chamado **don Vasco Taboada e Lobera**.

En 1679 figura este señor como veciño de Losón e tenente de Xuíz e Xustiza Ordinaria na xurisdicción de Deza. Faleceu en Losón o 15 de febreiro do 1696⁴⁷.



Sinatura de don Vasco Taboada e Lobera. Ano 1676

Casou con **dona María Valenzuela e Sevil**, que finou o 29 de setembro do 1696⁴⁸, e dela tivo a: **don Andrés Taboada**, que segue a sucesión na Casa de Brenzos; **dona María Antonia Taboada e Valenzuela**⁴⁹; e **dona Andrea Taboada**, muller de don Francisco Mosquera.

7. DON ANDRÉS TABOADA

Herdeiro en Brenzos. Bautizado en Santa Baia de Losón o 19 de abril do 1668⁵⁰. Casou con dona María Madalena Gil Taboada, procedente del pazo de Bergazos, en Santa Baia de Donsión.

⁴⁷ DE LA PEÑA VIDAL, C., *Los Gil Taboada de Deza*, páx. 28.

⁴⁸ DE LA PEÑA VIDAL, C., *Los Gil Taboada de Deza*, páx. 28.

⁴⁹ Muller do seu parente don Antonio Taboada Monteagudo (fillo dos citados Juan de Toubes e dona María Rodríguez Rebellón). Foron veciños do lugar de Ribasaltas, na mesma parroquia de Santa Baia de Losón. Unha das súas fillas foi dona Rosa Taboada, casada con don Felipe González, e outro don Vasco Taboada Monteagudo, presbítero polo 1728..

⁵⁰ DE LA PEÑA VIDAL, C., *Los Gil Taboada de Deza*, páx. 28.



Imaxe da fachada principal do pazo de Liñares

Esta dona era irmá de don Felipe Gil Taboada, arcebispo de Sevilla e, por tanto, filla de don Gómez Gil Taboada e de dona Beatriz Fernández Noguerol, fundadores do vínculo do citado pazo de Bergazos (neta paterna do escribán da Súa Maxestade Gregorio Gil Varela e de Margarida Taboada; neta materna de Pedro Fernández Gil Noguerol e da súa dona María López Gundín, do pazo de Filgueiroa, en Santa María de Donramiro). Unha vez viúva, volveu casar dona María Madalena o 18 de marzo do 1700⁵¹ con don Antonio Varela Taboada, dono do pazo e casa grande de Val, patrón da parroquia de Santo Andrés de Val e da capela de Santa Catalina, incluída na igrexa parroquial de Santa María de Oirós, motivo máis probable polo que campá o escudo coas armas dos señores de Brenzos na torre da citada casa de Val⁵².

A receptora do vínculo de Brenzos foi a filla de don Andrés e dona María Madalena, **dona María Andrea Gil Taboada**, nacida o 21 de setembro do 1690⁵³. Menor de idade á morte do seu pai, sendo titor dela o seu tío político don Antonio Taboada Montegudo.

⁵¹ DE LA PEÑA VIDAL, C., *Los Gil Taboada de Deza*, páx. 28.

⁵² Don Antonio Varela Taboada estivera casado de primeiras nupcias con dona María de Porras. DE LA PEÑA VIDAL, C., *Los Gil Taboada de Deza*, páx. 28. Do segundo matrimonio quedoulle unha única filla, que herdou a casa de Val con tódalas súas posesións, chamada dona María Josefa Varela Gil Taboada, bautizada en Santo André de Val do Carrio o 6 de xaneiro do 1702, e que casou con 16 anos, o 22 de maio do 1718 con don Manuel Antonio de Castro Bugueiro, de San Paio de Brexo (Cambre).

⁵³ DE LA PEÑA VIDAL, C., *Los Gil Taboada de Deza*, páx. 28.

No 1715 parte dos que tiñan dereito a presenta-lo beneficio da parroquia de San Xoán de Toiriz fixeron doazón a esta dona do seu dereito de padroado, xa que era levadora «*de la mejor y mas sana parte de dicha presentacion*». Faleceu o 7 de xaneiro do 1718.

O vínculo e Casa de Brenzos quedou unido ó Pazo de Liñares, en San Martiño de Prado, ó casar dona María Andrea con don Alonso Taboada Mosquera, señor deste último.

8. PAZO DE LIÑARES

O pazo de Liñares é un dos mellores expoñentes de construción palaciana en Deza, aínda que na actualidade se atopa nun estado de conservación mellorable, sobre todo no interior, que é case ruína⁵⁴.

Refírese en documentos do pazo de Donfreán que foi construído, na súa parte máis antiga, coas pedras do derruído castelo de Vilaboa, destruído na revolta Irmandiña⁵⁵.



A parte antiga de Liñares coa fonte en primeiro termo

Nos seus muros, ademais da labra heráldica procedente de Brenzos, que se atopa no interior, como xa se comentou anteriormente, campan outras tres pedras armeiras, unha delas na fachada principal, da época barroca, e outras dúas na galería posterior.

Estas últimas, moi similares en forma e cronoloxía, se sitúan un a carón do outro, no antepeito da galería posterior. Son pezas, posiblemente de mediados do século XVI, e traen as armas dos Taboada.

O da dereita (segundo se observa) é o de aspecto máis antigo, labrado en voador, ten rota a parte superior, quizais polos traslados ó que foi sometido na historia do pazo de Liñares. É cuartela-

⁵⁴ Esta magnífica construción en GÓMEZ BUXÁN, C. e RUBIA ALEJOS, F., *Pazos y moradas hidalgas de Deza*, páxs. 197-202.

⁵⁵ RUBIA ALEJOS, F. e GÓMEZ BUXÁN, C., *Tocante a los Hixosdalgo...* Eran donos do citado castelo os antepasados dos Taboada de Liñares, que aínda no século XVIII se titulaban donos del.

do en cruz, coas primitivas armas dos Taboada de Deza: no primeiro cuartel, tres lises mal ordenadas; segundo, tres caldeiras mal ordenadas; terceiro cuartel, dúas rodas de carro superadas de tres barras e de tres táboas; e cuarto, dez roeis en dous pales (6-4).

O da esquerda tamén está realizado con certo voadado, de forma española, con escotaduras na parte superior. O seu campo é medio cortado e partido, co segundo cuartel liso, sen labrar: primeiro cuartel, tres flores de lis mal ordenadas; segundo cuartel liso; e terceiro, dúas rodas de carro superadas cada unha de dúas táboas.



Labras da galería posterior

Na fachada principal do pazo de Liñares, nunha peineta barroca rematada por pináculos se sitúa unha labra heráldica do século XVIII, con campo en óvalo sobre cartela, cuartelado en cruz, coas seguintes armas: primeiro cuartel, catro táboas en pal orladas de oito caldeiras (TABOADA); segundo, cinco cabezas de lobo cortadas en dous pales (MOSQUERA); terceiro cuartel, un castelo sobre ondas nas que nadan dúas troitas, deitado de dúas veneras (CHURRUCHAO); e no cuarto trae trece roeis en tres pales (LÓPEZ DE LEMOS). Timbrado de coroa.

9. UNIÓN DE BRENZOS CON LIÑARES

Como xa dixemos, **dona María Andrea Taboada**, herdeira dos morgados da casa de Brenzos, casou sobre o 1702 co fidalgo **don Alonso Taboada Mosquera**, sucesor en Liñares. Era fillo este importante señor de don Vasco Taboada, capitán de



Remates barrocos do tellado de Liñares

Infantería e, no reinado de Felipe V, Capitán de Gardas Coirazas, e da súa muller dona María Antonia de Aballe e Camba, oriúnda de Santa Mariña Dozo, da Vila de Cambados. O seu avó paterno era Francisco Taboada⁵⁶, señor do pazo de Liñares a mediados do século XVII, e a súa muller dona Sancha Álvarez, e os maternos foran don Francisco de Aballe e Camba, rexedor de Pontevedra, e dona Antonia Bermúdez Fernández Cornide.

Sinatura de don Alonso Taboada Mosquera no 1716

Dona Andrea finou sen testamento o 7 de xaneiro do 1718 e foi soterrada en Prado.

⁵⁶ É o que figura no 1661 como veciño do lugar de Beelle, en Santiago de Catasós. Tenente de Cabo das Milicias de Deza. Asistiu nas fronteiras de Portugal e outras partes. AHPP, protocolos, Gregorio Rodríguez de Castro, 1661.

O dito don Alonso era considerado como «*hidalgo notorio, reconocido como tal en el Reino de Galicia y descendiente de tales*»⁵⁷. Exerceu como Capitán e procurador xeneral de Vigo por 1685. Unha vez viúvo da súa muller, recibiu as ordes ocupando primeiramente o curado de San Pedro de Espiñeira e logo, o de San Estevó de Tremoedo (Vilanova de Arousa). Outorgou don Alonso o seu testamento o 15 de setembro do 1752, morrendo en Prado o 22 de setembro do 1752⁵⁸.



Outra imaxe do pazo de Liñares

No 1715 fíxolle foro o mosteiro de San Martiño do lugar de Meixomín coa súa ermida, en San Lourenzo de Muimenta⁵⁹.

Coñecemos oito fillos do matrimonio: **don José Antonio Taboada e Mosquera**, que herdou Liñares e Brenzos; **don Mateo Taboada e Mosquera**⁶⁰; **don Melchor Benito Taboada e Mosquera**⁶¹; **dona María Benita**⁶²; **dona Rosa**, faleceu solteira; **dona Juana**; **dona María Josefa Taboada**⁶³; **dona Josefa Juana Taboada**⁶⁴.

⁵⁷ Arquivo do autor, protocolos, Domingo Taboada, 1716.

⁵⁸ DE LA PEÑA VIDAL, C., *Los Gil Taboada de Deza*, páx. 29.

⁵⁹ AHUS, Clero, San Martín, 760. Estes bens xa os levaran os seus antepasados.

⁶⁰ Bautizado o 6 de outubro do 1714. Cura de San Salvador de Escuadro e San Cibrán de Chapa, onde o atopamos no período 1756-1767.


⁶¹ Bautizado en San Martiño de Prado o 6 de outubro do 1714. Realizou as probas para cóengo de Santiago no 1762.

⁶² Casou con don Manuel Saco Bolaño, veciño de Vilanova de Arousa, matrimonio para o que fora dotada o 21 de xaneiro do 1729 ante o escribán Antonio de la Iglesia. DE LA PEÑA VIDAL, C., *Los Gil Taboada de Deza*, páx. 29.

⁶³ Bautizada o 29 de xuño do 1707 en Prado. Casou o 4 de decembro do 1736 con don José Antonio Taboada e Fariña.

⁶⁴ Bautizada o 25 de febreiro do 1716. Dotada o 4 de decembro do 1738 ante Francisco de Castro

10. DON JOSÉ ANTONIO TABOADA MOSQUERA



Don José Taboada e Mosquera. Ano 1739

Fillo primoxénito, bautizado o 16 de marzo do 1703, cos nomes de *Vasco José Alonso*.

Dono do pazo de Liñares e da casa de Brenzos, do Castelo de Vilaboa e do Couto de Gondufe coa súa xurisdicción. Foi Coronel do Exército no Rexemento de Compostela e en 1797 titúlase como Capitán do mesmo.

O 8 de xullo do 1739 foi nomeado por dona María Josefa de Zúñiga e Castro, condesa de Lemos⁶⁵, como Mordomo e administrador Xeneral das Rendas do condado polo que atinxe ó partido de Deza e Lalín⁶⁶, outorgando o 4 de outubro do 1739 as capitulacións para ocupa-lo posto ante o escribán Vicente Cayetano González⁶⁷, no que segue en 1753. En 1748 e 1752 figura, ademais, como Xuíz e Xustiza Ordinaria en Deza.

Casou don José Antonio en dúas ocasións, a primeira foi o 6 de agosto do 1734, en Santa Eufemia do Centro, con dispensa de amoestacións, por ser parentes, con **dona Rosalía Marcelina de Ulloa**. Esta dona era filla de don Antonio Francisco de Ulloa Pardo e Ribadeneira e de dona Juana Rosa de Losada Montenegro e Cadórni-ga, donos do pazo de Pedroso, en Santa María de Oirós. Tiveron un único fillo, que faleceu de curta idade.


para casar con don Jacobo Francisco Colwell e Taboada, veciño de Vigo, bautizado o 27 de maio do 1702 (fillo de don Francisco Melchor Colwell Falcón e de dona Josefa Petronila Taboada). DE LA PEÑA VIDAL, C., *Los Gil Taboada de Deza*, páx. 29.

⁶⁵ Muller de don Ginés Fernando Ruíz de Castro, o seu tío, conde de Lemos, de Andrade e Villalba.

⁶⁶ Entre as súas obrigas está a cobranza das rendas debidas ó condado na terra de Deza. Do que produciren esas rendas tiña que remitir mensualmente á vila de Madrid tres mil reais (polos gastos da conducción se lle aboa un catro por cento do importe). Ademais o mordomo ten que asistir ó remate das rendas e sinecuras e face-los padróns de servicios, así como exerce-lo emprego de Receptor de Penas de Cámara en Deza e Peibas, cobra-lo que proveña dos *mostrencos* e *aventadizos* que houbese na dita xurisdicción de Deza «y para que no aya fraude tendrá en su poder una marca de hierro con las armas de S.E. para señalar los que huviere». O salario será de vintecatro mil maravedís en cada ano.

Así mesmo, como tal mordomo correspondíalle polo conde de Lemos a presentación ó arcebispo de Santiago anualmente o día 25 de decembro «que es del Glorioso San Juan Apóstol y Evangelista» nos palacios arcebispaís da dita cidade «una acanea ensillada y enxaezada con su goaldrapa de paño negro» que lle debía pagar a casa de Lemos de feudo pola terra de Deza.

⁶⁷ Arquivo do autor, protocolos.



Escritura de fianzas para a mordomía de Deza. 1739

O 4 de setembro do 1742 casou en San Martiño de Prado en segundas nupcias con **dona Rosa Vicenta Gil Taboada Teixeira e Sotomayor**⁶⁸. Esta dona fora bautizada en Barcia o 19 de xaneiro do 1722⁶⁹. O seu testamento data do 8 de xaneiro do 1794 ante Agustín Varela Sotomayor, escribán ante o que tamén outorgou novo codicilo o 10 de xaneiro do mesmo ano. Finou o 23 do mesmo mes e ano.

Foron fillos do matrimonio: *dona María Josefa Nicolasa Benita*⁷⁰; *dona Nicolasa Mariana María*⁷¹; *dona Manuela Jacoba Melchora*⁷²; *don Benito*⁷³; *Antonio Ambrosio*⁷⁴; **don Francisco Luís Taboada Mosquera**, que segue a liña de Liñares; *don Vicente Rosendo*⁷⁵; *don Manuel*⁷⁶; *dona María Josefa*⁷⁷; *dona Andrea Antonia Benita*⁷⁸; *don Juan José Benito*⁷⁹.

⁶⁸ Esta dona era sobriña de don Cayetano Gil Taboada, bispo de Lugo e arcebispo de Santiago. Fillla de don Gregorio Gil Taboada, señor do pazo de Barcia, en Santo Estevo do mesmo nome, e de dona María Ana Bermúdez Teixeira e Sotomayor, señora de Saa, natural da Vila de Chantada.

⁶⁹ DE LA PEÑA VIDAL, C., *Los Gil Taboada de Deza*, páx. 19.

⁷⁰ Bautizada o 14 de setembro do 1743 en Prado. Casou o 19 de agosto do 1771 con don Cayetano Gil de Ortega, do pazo de Barcia, do que non tivo sucesión (unha vez viúvo este señor casou de segundas nupcias o 15 de xaneiro do 1775 con dona Teresa Juana Santiso e Riego). DE LA PEÑA VIDAL, C., *Los Gil Taboada de Deza*, páx. 19.

⁷¹ Bautizada o 11 de setembro do 1744 en Prado. Casou en Santiago o 24 de abril do 1763 con don Bernardo Moscoso Llorente, capitán de Cazadores do Rexemento de Milicias de Santiago, do que tivo unha única filla.

⁷² Bautizada o 5 de maio do 1746. Casou o 10 de xullo do 1776 en Santo Andrés de Santiago con don José Paulo Ribadeneira e Losada, rexedor de Santiago e Colexial de Fonseca en 1763, doutor e Catedrático de Santiago no 1777 (fillo de don Froilán Francisco Rivadeneira e Nogueira, rexedor perpetuo de Santiago e Tenente Coronel do Rexemento de Milicias de Compostela, dono da casa e lugar de Peiras e do couto e xurisdicción de Vigo e Lamas, e de dona María Magdalena Losada e Romero, donos da casa de Paizás (Santa Baía de Cira - Silleda). Do matrimonio parece que quedou un único fillo.

⁷³ Bautizado como *Benito María Cayetano Ramón Antonio Vicente Jacobo Alonso Mateo* o 24 de setembro do 1748. DE LA PEÑA VIDAL, C., *Los Gil Taboada de Deza*, páx. 20.

⁷⁴ Bautizado como *Antonio Ambrosio Juan José* o 13 de abril do 1751. DE LA PEÑA VIDAL, C., *Los Gil Taboada de Deza*, páx. 20.

⁷⁵ Bautizado o 4 de marzo do 1754. Casou en Santo André de Santiago o 12 de febreiro do 1791 con dona Mariana Barrio, da que segundo don Carlos de la Peña non tivo sucesión, exercendo posiblemente como abade de Santiago de Vilamarín (concello de Vilamarín - Ourense), onde faleceu o 28 de xaneiro do 1841. DE LA PEÑA VIDAL, C., *Los Gil Taboada de Deza*, páx. 22.

⁷⁶ Presbítero. No 1797 levaba o foro dos lugares de Ribasaltas, Pampín e Outeiro, en Santa María de Filgueira, como herdeiro do seu pai. Levaba, así mesmo, os lugares de San Xurxo de Cristimil (Insua e Gondufe).


⁷⁷ Bautizada o 19 de xullo do 1755 como *Josefa María del Carmen Vicenta Bernarda*. Casou o 29 de agosto do 1785 en Prado con don Cristóbal de la Mata Briones, do Consello da Súa Maxestade e o seu Fiscal na Real Audiencia do Reino de Galicia (fillo de don Pedro de la Mata Briones e de dona María Bugedo, descendentes da casa solar da Mata, que se atopaba no castro de Ballejo, Val de Valdivieso, montañas de Burgos). Dona Josefa finou o 23 de agosto do 1813 sen testamento.

⁷⁸ Bautizada o 19 de xullo do 1757 como *Andrea Antonia Benita*. Casou con don Baltasar de Araújo, veciño de Verín.

⁷⁹ Nado o 8 de abril do 1751.

11. DON FRANCISCO LUIS TABOADA

O sucesor en Liñares e Brenzos, don Francisco Luís Taboada Gil Mosquera, foi bautizado en San Martiño de Prado o 13 de setembro do 1752 como *Francisco Antonio Jacinto Ramón*. Titulábase en 1791 «*dueño y poseedor de los vínculos y Mayorazgos de esta referida Casa [Pazo de Liñares] la de Brenzos y otras, señor del Castillo de Villaboa, y su Jurisdiccion de Gondufe, Rexidor perpetuo de la Mui noble y Leal ciudad de Santiago Coronel del Reximiento Provincial de dicha ciudad*»⁸⁰. Non vivía en Liñares, onde tiña un administrador, que no 1791 era don José Antonio Ramos Gil, presbítero⁸¹.



Sinatura de don Francisco Taboada Gil. 1791

Como dixemos, por 1791 figura como Coronel de Milicias do Rexemento Provincial de Santiago, figurando noutros anos como Brigadier e Comandante do mesmo. Residente na cidade compostelá, da que era rexedor. Loitou na Guerra da Independencia, participando na batalla de Cogorderos (Astorga), e chegou a Capitán Xeneral de Galicia segundo algúns autores⁸². A súa carreira militar a data 31 de decembro do 1830 recolle os cargos de Brigadier (1775), Mariscal de Campo (1809) e Teniente Xeneral (1816)⁸³. No 1823 figura citado como «*Teniente Principal de los Re-*

⁸⁰ AHPP, protocolos, Carlos Ramos Gil, 1791.

⁸¹ Era fillo do escribán de Número de Deza don Carlos Ramos Gil, veciño do lugar de Cangas do Fondo, en San Xiao de Rodís (hoxe pertencente a Santa Mariña de Cangas).

⁸² SALGADO TOIMIL, R., *Santuarios gallegos. El Corpiño*. Lugo, Editorial Palacios, 1929, páx. 37.

⁸³ DE LA PEÑA VIDAL, C., *Los Gil Taboada de Deza*, páx. 20.

*ales Ejércitos, Caballero Gran Cruz de la Real y Militar Orden de San Hermenegildo y de 3.ª clase de la de San Fernando»*⁸⁴.

Outorgou testamento o 1 de outubro do 1828 ante Francisco Antonio García, falecendo o 13 de maio do 1831, sendo soterrado en San Francisco.

O 27 de xuño do 1783 en Santa María de Godos casou con **doña María Nicolasa Mondragón e Bermúdez de Sangro**, que era filla de don José Benito Mondragón e Córdoba e de dona Tomasa Bermúdez de Sangro, donos das Casas e Pazos de Bacelo, de onde eran veciños, Remesar e outras. Esta dona faleceu sen testamento o 26 de maio do 1795 en Santiago, e foi sepultada na citada capela de San Francisco⁸⁵.

Foron fillos da parella, entre outros: **don José Taboada de Mondragón**, que segue a liña de Liñares; *don Carlos*⁸⁶; *doña María da Escravitude*⁸⁷; *doña Tomasa*⁸⁸; *don Jacobo*⁸⁹; *don Melchor Taboada*⁹⁰; *doña Rosa Taboada de Mondragón*⁹¹; e, finalmente, *don Santiago Taboada de Mondragón*⁹².

⁸⁴ Datos facilitados por don Francisco Rubia Alejos do seu arquivo.

⁸⁵ DE LA PEÑA VIDAL, C., *Los Gil Taboada de Deza*, páx. 20.

⁸⁶ Bautizado o 5 de novembro do 1786 como *Carlos Jacobo Melchor Andrés María de Guadalupe*. Faleceu novo. DE LA PEÑA VIDAL, C., *Los Gil Taboada de Deza*, páx. 21.

⁸⁷ Bautizada o 14 de xaneiro do 1788 como *María de la Esclavitud Nicolasa*. Casou o 3 de outubro do 1822 co capitán don Antonio Salazar e Cotón (fillo de don Francisco Javier Salazar e Maldonado e da súa muller dona Inés Cotón). DE LA PEÑA VIDAL, C., *Los Gil Taboada de Deza*, páx. 21.

⁸⁸ Bautizada o 3 de marzo do 1789 como *Tomasa Manuela Josefa*. DE LA PEÑA VIDAL, C., *Los Gil Taboada de Deza*, páx. 21.

⁸⁹ Bautizado en Santiago o 2 de marzo do 1790 cos nomes de *Jacobo Melchor Baldomero Ramón Benito e Antonio*. DE LA PEÑA VIDAL, C., *Los Gil Taboada de Deza*, páx. 21.

⁹⁰ Bautizado o 16 de febreiro do 1791. DE LA PEÑA VIDAL, C., *Los Gil Taboada de Deza*, páx. 21.

⁹¹ Bautizada o 20 de xaneiro do 1792. Por matrimonio do 27 de marzo do 1815 foi cónxuxe de don Antonio Loriga Reguera, xeneral de Artillería (fillo do coronel don Domingos Loriga e de dona Josefa Reguera Valladares), do que tivo numerosa e ilustre descendencia, entre eles: don Santiago Loriga, xeneral de Artillería; don Eliseo Loriga, tamén xeneral da mesma arma; don Francisco Loriga Taboada (o seu fillo foi don Juan Loriga e Herrero-Dávila, xeneral de Artillería, primeiro conde do Grove, título concedido por Alfonso XIII o 2 de xullo do 1902); dona Josefa Loriga Taboada, muller de don Ricardo Durán Lira (pais do arquitecto don Miguel Durán Loriga, que pretendía, xunto con Antonio Taboada Roca, facer unha grande obra sobre os pazos galegos, que quedou inacabada polo seu prematuro falecemento); e tamén dona Juana Loriga Taboada, que casou con don Xusto Pelayo Cuesta, ministro de Facenda. CRESPO POZO, J. S., *Blasones y Linajes de Galicia*, T. III, pp. 96-97.

⁹² Bautizado o 14 de xuño do 1793 como *Jacobo Antonio Francisco José y Manuel*. Oficial da Real Contaduría, finou o 10 de outubro do 1810 e foi soterrado ó día seguinte na capela do Rosario do mosteiro de Santo Domingo. DE LA PEÑA VIDAL, C., *Los Gil Taboada de Deza*, páx. 21.



O «palacio» de Liñares domina a panorámica da parroquia de Prado

12. DON JOSÉ TABOADA MONDRAGÓN

Bautizado o 21 de decembro do 1785, sendo os seus padriños don José Benito Mondragón e Córdoba e dona Rosa Vicenta Gil Teixeira, os seus avós⁹³.

O sucesor en Liñares foi un destacado político, citándose incluso que ocupou o cargo de Gobernador de Valladolid e ilustre Deputado das Constituíntes de Cádiz⁹⁴. Este último dato non puido ser confirmado.

Seguiu a carreira militar e, no 1820, cando foi elixido deputado por Galicia, era tenente coronel, tomando posesión na sesión do 25 de febreiro do 1822. Durante a lexislatura formou parte da comisión das Milicias Nacionais, pero fixo pouco uso da palabra⁹⁵.

Na lexislatura de 1837-1838 foi elixido Senador pola provincia de Pontevedra, cargo ó que renunciou o 28 de marzo do 1838.

Exerceu, no eido de goberno como Administrador Xeneral de Bens Nacionais, cargo ó que renunciou, séndolle admitida o 25 de outubro do 1847⁹⁶.

⁹³ DE LA PEÑA VIDAL, C., *Los Gil Taboada de Deza*, páx. 21.

⁹⁴ SALGADO TOIMIL, R., *El Corpiño*, páx. 37.

⁹⁵ BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé R., *Parlamentarios de Galicia. Biografías de Deputados e Senadores (1810-2001)*. 2 vol. Santiago de Compostela, Parlamento de Galicia - Real Academia Galega, 2001. Tomo I, páx. 668.

⁹⁶ Datos tirados dun magnífico estudio levado a cabo polo amigo e investigador don Francisco



Sepultura do XIX en Losón

Faleceu na Coruña o 5 de febreiro do 1870. Os seus restos foron trasladados á igrexa parroquial de Santa Baia de Losón, onde foron soterrados o 20 de maio do 1885⁹⁷.

A súa muller fora **dona Dolores Rada Rubalcaba**, nada o 1 de novembro do 1792 e que finou na Coruña o 5 de abril do 1862, sepultada en Santa Baia de Losón.

Os seus fillos, entre outros: *don José Taboada*⁹⁸; *don Carlos Taboada Rada*, que segue a liña sucesoria; *dona Amalia Taboada*⁹⁹; e *don Fernando Taboada*¹⁰⁰.

13. OS DOUS ÚLTIMOS SÉCULOS DA FAMILIA

O sucesor, don **Carlos Taboada Rada**, nacera en San Fernando (Cádiz) o 29 de novembro do 1827, e faleceu o 4

de xullo do 1903. Foi señor do Pazo de Liñares, que na súa época viviu un período de esplendor, converténdose nun auténtico centro de cultura, con visitas de insignes persoeiros das letras e da política, entre os que destaca a grande figura de dona Emilia Pardo Bazán.

Xefe de Administración, *Tenedor* de Libros da Contaduría Xeneral da Débeda Pública e Xefe Superior de Administración do Ministerio de Facenda están entre os seus cargos na Administración Civil do Estado¹⁰¹.

Rubia Alejos, que se ocupa nel dos últimos tempos de Liñares, desde finais do XIX, en que constituía un verdadeiro «palacio» ata a súa decadencia no século XX. RUBIA ALEJOS, Francisco, «El palacio señorial de Liñares en las últimas centurias. Sus moradores, esplendor y decadencia». Anuario de Estudios e Investigación *Descubriendo*, n.º 6 [177-230]. Seminario de Estudios de Deza. Lalín, 2004.

⁹⁷ RUBIA ALEJOS, F., *El palacio señorial de Liñares...*, páx. 213.

⁹⁸ Naceu o 28 de febreiro do 1822 e morreu en Cambo (Francia) o 2 de agosto do 1849. Capitán de Artillería. RUBIA ALEJOS, F., *El palacio señorial de Liñares...*, páx. 213.

⁹⁹ Casou con don Fernando Torres-Adalid, e deste connubio naceron, entre outros, don Álvaro Torres-Adalid (que reedificou o pazo de Vilaboa) e don Eduardo Torres Taboada, que casou con dona Asunción Sanjurjo e Flórez, X condesa de Torre de Penela.

¹⁰⁰ Morreu sen descendencia o 18 de setembro do 1867.

¹⁰¹ RUBIA ALEJOS, F., *El palacio señorial de Liñares...*, páx. 213.



Dona Ramona Bugallo e don Carlos Taboada
Arquivo Gráfico Pazo de Don Freán

A muller de don Carlos foi **dona Ramona Bugallo Eiroa**, natural de A Coruña, nada o 1 de xullo do 1846 e finada no 1936¹⁰².

Os seus fillos: **don Carlos Taboada Bugallo**, que segue a liña primoxénita; **don Amalio Taboada Bugallo**¹⁰³; **dona Esperanza Taboada Bugallo**¹⁰⁴; e **don Fernando Taboada Bugallo**¹⁰⁵.

O fillo primoxénito foi **don Carlos Taboada Bugallo**, nado o 11 de outubro do 1868. Seguiu a carreira militar, acadando o cargo de capitán de Cabalería. Participou na campaña de Filipinas, na que foi ferido no 1897, o que propiciou o seu finamento no 1902.

A súa muller foi **dona Victoria Sangro e Ros de Olano Rueda e Quintana, III** Condesa de Almina (filla de don Melchor Sangro Rueda e de dona María Antonia Ros de Olano, condesa de Almina e marquesa de Guad-el-Jelu). O título de conde de Almina foi concedido por Isabel II o 16 de agosto do 1856 (a dato do Real Des-

¹⁰² Segundo o citado traballo de RUBIA ALEJOS, F., *El palacio señorial de Liñares...*, páx. 218.

¹⁰³ Derradeiro señor do pazo de Liñares pertencente á liña orixinaria dos Taboada. Nacera en Santiago o 28 de agosto do 1870 e morreu na mesma cidade no 1957 sen descendencia.

¹⁰⁴ Nacida en Málaga o 28 de xuño do 1867. Casada o 8 de setembro do 1892 co seu parente, o segundo conde de O Grove, don Eliseo Loriga Parra (fillo de don Joaquín Loriga Taboada, e da súa muller dona Juana Parra de los Santos; neto paterno de don Antonio Loriga Reguera e de dona Rosa Taboada de Mondragón, xa citados): Foron pais do aviadador don Joaquín Loriga Taboada, nado en Liñares o 23 de setembro do 1895, participante na importante xesta que supuxo a viaxe Madrid-Manila, e de dona Araceli Loriga Taboada, III condesa de O Grove, xa defunta.

¹⁰⁵ Naceu o 3 de novembro do 1872 e finou en Cambados o 29 de novembro do 1877, sendo trasladados os seus restos á igrexa de Losón no 1883. RUBIA ALEJOS, F., *El palacio señorial de Liñares...*, páx. 226.

pacho é o 17 de xullo do 1860) a don Antonio Ros de Olano e Perpiñá, Tenente Xeneral do Exército, co vizcondado previo de Ros. Tamén a este señor se lle concedeu o título de Marqués de Guad-el-Jelu o 8 de outubro do 1860, con Grandeza de primeira clase¹⁰⁶.

Dos fillos da parella, segue a liña primoxénita **don Carlos Taboada e Sangro Bugallo e Ros de Olano**, IV Conde de Almina desde 1940. Casou con **dona María del Carmen Sangro e Torres**, procreando cinco fillos, dos que sucedeu no título **don Carlos Taboada e Sangro**, V Conde de Almina por carta de sucesión de 3 de febreiro do 1972, e finado o 28 de marzo do 1992, con descendencia.

¹⁰⁶ CADENAS Y LÓPEZ, Ampelio Alonso e CADENAS Y VICENT, Vicente, *Elenco de grandezas y títulos nobiliarios españoles 1992*. 25.^a ed. Madrid, Ediciones de la Revista Hidalguía, 1992, páxs. 70 e 408.

LIÑA PRINCIPAL DA CASA DE BRENZOS

